



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. Fiscaliz. e Control Financ. Sec. Control II

Aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Arzúa

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 25 de marzo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Aprobación da aceptación da delegación de competencias na Deputación da Coruña para prestarlle servizos de control financeiro ao Concello de Arzúa.

PRIMEIRO.–Aceptar a delegación relativa ao exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas polo Concello de Arzúa.

SEGUNDO.–Aceptar a delegación da instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo dos ingresos de dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a Prestación de Servizos Tributarios aos Concellos da Provincia.

TERCEIRO.–Publicar o acordo, no seu caso adoptado polo Pleno provincial, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario oficial de Galicia para xeral coñecemento, segundo o previsto no artigo 7.2 do texto refundido la Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.–A delegación das competencias entrará en vigor unha vez sexa publicado o acordo definitivo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de ata 10.000 habitantes da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 29 marzo do 2022.

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria xeral

Amparo Taboada Gil